

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 50/2012, DO 31 XANEIRO .

Visto o expediente número 545/2011 de contratación polo procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, e tramitación ordinaria, do suministro denominado: “suministro dunha fotocopiadora multifunción a color e dúas máquinas de impresión para o Concello de Cabana de Bergantiños mediante renting” e no que constan: 1.-Providencia do inidio de expediente 2.-Pregos de cláusulas administrativas particulares 3.-Pregos de prescripcóns técnicas 4.-Certificado emitido polos servizos de Intervención do Concello acreditando a existencia de crédito suficiente e axeitado para poder levar a cabo a contratación 5.-Informe de Secretaría 6.-Informe de fiscalización de Intervención.

Vistas as actas de apertura do sobre A e B de data 20 de xaneiro e do sobre C de data 24 de xaneiro, nas que se pon de manifesto que:

- só presentan ofertas as empresas Sistemas macrocopias S.L (R.E. 3543 d 22 de decembro) e Ricoh España S.L.U (R.E. 3539 de 23 de decembro)
- que só se procede a apertura da oferta de Ricoh España S.L.U xa que Sistemas macrocopias S.L, non presenta sobre C.
- que unha vez aberto o sobre C da empresa Ricoh España S.L.U, constátase a existencia de erros no modelo que dificultan coñecer claramente a oferta.

Considerando que de conformidade co previsto na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público, a competencia para a realización da citada contratación lle corresponde a esta Alcaldía.

Na súa virtude, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.-Declarar deserta a adxudicación da contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria, para a adxudicación do suministro denominado “suministro dunha fotocopiadora multifunción a color e dúas máquinas de impresión para o Concello de Cabana de Bergantiños mediante renting.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ás empresas licitadoras.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o trinta e un de xaneiro de dous mil doce, diante de min, a Secretaria, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

A Secretaria,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Paula M^a Suárez Cotelo.